



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ACTA Nº 2018/1

SESION ORDINARIA DO PLENO

-LUNS 7 DE MAIO DE 2018-

No día de hoxe, ás 20:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria do Pleno.

PRESIDE:

José Luis García López

ASISTEN:

(De Alternativa por Arzúa)
María del Carme Torreiro González
Alfonso Carril Guerra
Aurora Varela Duro
Miguel Angel Vallo Camba
Andrés David Pérez Ferreira
María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)

Jesús García Rodríguez
Alfonso Lodeiro Regueiro
Evangelina María Oros Conde
Vanessa Quintela Pedreira

(De PSdeG-PSOE)

Begoña Balado Conde

(De CxG-CCTT)

José Ignacio García Couso

SECRETARIO:

Juan Félix Colmenares López-Soldado

INTERVENTORA:

Olga Casto Fernandez

A) PARTE RESOLUTORIA:

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 1 DE MARZO DE 2018.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á dita acta.

E non formulándose observacións á mesma, considérase aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO, ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2017, AO RESOLVER O PUNTO 2º) DA SÚA ORDE DO DÍA, NOMEADO “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2017; E APROBACION DO PROXECTO TÉCNICO REFORMADO DUNHA OBRA INCLUIDA EN DITO PLAN.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con dito asunto, emitiu a Comisión informativa para asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 30 de abril de 2018; no seguinte sentido:

“A requirimento da presidenta desta Comisión informativa, polo secretario informase:

a) Que na sesión plenaria do día 17 de febreiro de 2017, este Concello acordou incluír -entre outras- a obra nomeada “Camiño Masusao a Lema e outros”, por un orzamento total de 76.548,10 euros, no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2017; quedando aprobado tamén en dita sesión o correspondente proxecto técnico, que fora elaborado polo enxeñeiro de camiños D. Julio Rojo Martínez, con data xaneiro de 2017, por dito orzamento (63.262,89 euros en concepto de orzamento sen IVE, e 13.285,21 euros en concepto de IVE ao 21%); en cuxo proxecto técnico se prevía que -dadas as características desta obra- se considera necesario e suficiente un prazo de seis meses para a súa correcta execución.

b) Que comprobouse, despois de iniciar o expediente de contratación desta obra, que un tramo dun dos camiños incluídos en dito proxecto técnico, que ía ser obxecto de acondicionamento, é de propiedade privada

Polo que, trasladada esta situación ao técnico que redactou o proxecto técnico, considerouse que -para non variar a configuración económica do plan en canto se refire a este concello- a mellor solución sería redactar un novo proxecto técnico incrementando, no resto de camiños incluídos o importe das unidades de obra de que figuraban para aquel tramo de camiño privado; polo que desta forma non se variaba o importe do proxecto total do proxecto técnico que quedara aprobado naquela sesión plenaria do día 17 de febreiro de 2017.

En consecuencia, unha vez elaborado o novo proxecto técnico, resultante da reforma do anterior nos termos indicados, se estaría na situación de ter que aprobar ese proxecto e de remitilo á Deputación provincial.

Previa concesión do uso da palabra, realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que agora vaise abster e que se pronunciará na sesión do Pleno.*

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que tamén se pronunciará na sesión do Pleno, unha vez que poida mirar a documentación referida a este asunto.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular tamén se pronunciará na sesión do Pleno.*

Tras todo o exposto a presidenta desta Comisión informativa someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA), coa abstención dos outros catro concelleiros (2 do PP, 1 de CxG-CCTT e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do proxecto técnico reformado que, co título de "Camiño de Masusao a Lema e outros", foi elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data febreiro de 2018, por un orzamento total de 76.548,10 euros (63.262,89 euros, mais 13.285,21 euros en concepto de IVE ao 21%).

E, en consecuencia co anterior, que sexa modificado o acordo que adoptou o Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2017, ao resolver sobre o punto 2º) da súa Orde do día; no sentido de substituir o contido do proxecto técnico aprobado en dita sesión, co mesmo título e polo mesmo importe, polo contido deste novo proxecto técnico reformado do anterior"

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar:*

- Que, cando o Pleno aprobou os proxectos técnicos das obras incluídas en dito plan, certificouse que o Concello dispoñía dos terreos para poder executar as obras; polo tanto ahí houbo un erro ou unha chapuza.

- Que entende que, cando se executen as obras incluídas neste proxecto, se controlará que o aumento nas outras obras se cumpre e que, ao empregar os fondos destinados á obra que se retira do proxecto inicial, farase mellor obra que a que se propoñía.

- Que a súa posición vai ser a de seguir mantendo a abstención.

**Da Sra. Balado Conde (de PsdeG-PSOE) para expresar que, aínda que considera que as formas non son as axeitadas, vai votar a favor, porque esas obras son necesarias.*

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular vai votar a favor, dado que se vai mellorar a calidade das outras obras incluídas nese proxecto técnico e todas elas son necesarias.

*Do Sr. alcalde para expresar:

- Que é un erro fácil de cometer, porque se trata dunha pista con forma de "L", onde un codo desa "L" é público e o outro é privado.

- Que o acondicionamento desa pista foi unha petición que nos trasladaron os veciños.

- Que, como, unha parte desa pista é pública, en ningún momento se pensou, nin polos mesmos técnicos, que a outra parte podía ser privada, ata que despois se comprobou que era así. E chegamos a tempo de rectificar, antes de comezar a obra, porque senón ahí si que habería un problema.

-Que decidiuse reforzar as outras obras, porque a pista de Masusao é bastante longa e a de A Mella esta bastante deteriorada, para que quedara mellor.

Cofecido o contido do novo proxecto técnico, que foi elaborado con data febreiro de 2018, polo mesmo enxeñeiro de camiños D. Julio Rojo Martínez.

O alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria; fixando previamente os termos desa votación.

E como consecuencia da cal -por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PsdeG-PSOE), coa abstención do concelleiro de CxG-CCTT- adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico reformado que elaborou o enxeñeiro de camiños D. Julio Rojo Martínez, co título de "Camiño de Masusao a Lema e outros", por un orzamento total de 76.548,10 euros (63.262,89 euros, mais 13.285,21 euros en concepto de IVE ao 21%).

Segundo.- Modificar o acordo plenario adoptado, na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2017, no sentido de substituír o contido do proxecto técnico aprobado en dita sesión co mesmo título e polo mesmo importe, polo contido deste novo proxecto técnico reformado do anterior. O cal supón ter que realizar as modificacións consecuentes con esta aprobación, nos Anexos V e VI, que foron remitidos no seu día á Deputación Provincial.

Terceiro.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras contidas neste proxecto técnico reformado; así como que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Manter os restantes puntos que resultaron aprobados cando se adoptou aquel acordo plenario do día 17 de febreiro de 2017.

Quinto.- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Sección de Plans Provinciais, Sección de Xestión de Plans, da Deputación Provincial, aos efectos de que sexa incluída no expediente relativo ao Concello de Arzúa, para que sexa tida en conta en relación cos trámites necesarios para a contratación destas obras, e aos demais afectos procedentes.

Sexto.- Facultar ao Sr. alcalde para que adopte as resolucións que procedan en relación coa mellor execución deste acordo.

Punto 3º) APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO PRESENTE EXERCICIO E DO CADRO DE PERSOAL AO SERVIZO DESTA ENTIDADE LOCAL.

Polo secretario dáse lectura ao ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 30 de abril de 2018; no seguinte sentido:

“A Presidenta da Comisión da lectura do seguinte resumo do orzamento, matizando que o orzamento que se presenta para a súa aprobación vai na liña dos orzamentos anteriores:

“Preséntase o expediente do orzamento municipal do exercicio 2018 por un importe total de 5.820.235 €.

No presente orzamento conségnanse os gastos de persoal, gastos dos servizos que se prestan, pago de intereses e amortización dos préstamos, investimentos a executar durante o exercicio e gastos en amortización de débeda con entidades bancarias. Todos estes gastos financianse cos ingresos que obtén o Concello dos seus impostos, taxas, subvencións e outros especificados no estado de ingresos do orzamento.

As variacións na estrutura do gasto e do ingresos contéñense na memoria da alcaldía, e o orzamento preséntase coa clasificación por áreas e gasto e económica que establece a normativa estatal.

Este orzamento, na vertente de gastos, supón un incremento do 3,48 % con respecto ao previsto para o ano 2017, polo tanto é un orzamento elaborado con prudencia e supón unha continuidade con respecto ás liñas seguidas en anos anteriores, acomodando o nivel de gasto ao límite máximo de recursos que ten este Concello.

Tamén dende a vertente dos ingresos o incremento é dun 3,48%. Os ingresos en concepto de impostos, taxas e prezos públicos (capítulos 1 a 3) mantéñense constantes, adecuando a previsión de recadación no 2018 ao nivel de recadación producido no ano 2017. O maior incremento prodúcese nos capítulos 7, donde se imputan as achegas para gastos de investimento, procedentes do Plan Provincial pos+2018, así como da Xunta de Galicia.

O expediente orzamentario contén os anexos e informes requeridos polo Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, así como a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto, e como se acaba de expoñer preséntase equilibrado.

En canto ás esixencias da normativa de estabilidade orzamentaria, hai que salientar que o orzamentario cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, cumpre coa regra de gasto e límite de débeda, tal e como se desprende dos informes de intervención que obran no

expediente. Igualmente, coas estas previsións orzamentarias espérase seguir cumprindo co período medio de pago tal e como se ven facendo ata agora.”

Toma a palabra Sr. García Couso (de CxG) manifestando que non ten a documentación, e que se vai abster na Comisión; que cando estude a documentación amosará a súa postura no Pleno, pero si ten carácter continuista o seu voto probablemente será como nos anos anteriores.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) manifestando que tampouco ten a documentación, e solicita se lle pode pasar por correo electrónico.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para comentar que tampouco teñen a documentación e que se pronunciarán no Pleno.

Tras o exposto a Presidenta desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2018, e o cadro de persoal ao servizo desta entidade local.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que, como xa dixó na sesión da Comisión de Contas, lle parece un orzamento sen ningún tipo de ambición, sen ningunha obra singular, sen incluír obras que aquí se citaron antes, e tampouco contou con ningunha demanda de colaboración por parte da oposición.

- Que hai obras que se propuxeron da outra vez, como o arranxo da estrada que vai a Santiso ata a Ponte Lema, que debido ás obras de saneamento quedou bastante tocada.

- Que no orzamento do ano pasado propúxose unha partida para o saneamento na Castañeda, e agora neste orzamento non vai ningunha partida.

- Pregunta ¿Nos gastos de persoal inclúense os aumentos tanto de salarios como de postos de traballo que van incluídos na RPT, que é obxecto do seguinte punto da Orde do día desta sesión?, porque se non é así, este orzamento xa nace falso, porque a RPT (que supón que se aprobará co voto do grupo de goberno que ten a maioría absoluta) levará a necesidade de incrementar en gastos de persoal esas subas que se contemplan.

- Tamén pregunta ¿No orzamento presentado contemplábase a recadación que vai supoñer o famoso “catastrazo”, que o alcalde non quixo rebaixar nos tipos máis altos?

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que en primeiro lugar solicita que a documentación dos orzamentos sexa enviada aos concelleiros por outros medios electrónicos, porque senón é bastante lioso facerse con ela.

- Que quere sinalar que xa pasaron 127 días desde o 31 de decembro, que debería ser a data tope para aprobar os orzamentos de 2018; e lembra que na anterior sesión do Pleno, cando se preguntou no apartado de rogos e preguntas, o alcalde díxonos que a demora era porque se estaba elaborando la RPT; pero agora vemos que nos gastos de persoal non veñen recollidos os novos postos que se van crear, nin os aumentos retributivos resultantes da valoración dos demais postos de traballo.

-Que o que debía o Concello, a data 31 de decembro, era de 1.039.037,17 euros; prevese unha operación dunha apertura dun crédito concedido pola Deputación de A Coruña para o presente exercicio, que ascende a 334.000 euros, e se pretende realizar as amortizacións anticipadas dos préstamos que se teñen na Banca e no Banco Pastor, tendo en conta os préstamos subscritos coa Deputación de A Coruña, o que se pretende asinar este ano non teñen amortización, están en período de carencia, co cal non se pagan os xuros que se amortiza o capital.

- Que vota en falta que, sendo Arzúa un concello rural, soamente se destinen a esta partida 1.000 euros.

- Que no tema da gardería podemos facer varias consideracións desde o Partido Socialista, que non imos indicar agora.

- Que, en relación coa violencia de xénero, votamos en falta que non haxa ningunha partida específica para esta problemática, nin que se garantan uns fogares de acollida, para as vítimas de violencia de xénero, como se está facendo noutros concellos.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que cede a palabra a súa compañeira de grupo político Sra. Quintela Pedreira, por estar mais ao día nos temas económicos, xa que foi a encargada de xestionalos.

* Intervén, en consecuencia, a Sra. Quintela Pedreira para manifestar:

- Que lamenta que a partida que se adica a investimentos non chega nin ao 20% do orzamento total, polo que -desde o grupo político do PP- consideran que é un importe moi baixo e que non se están facendo investimentos no pobo; coincidindo co concelleiro de CxG-CCTT no que son uns orzamentos moi pouco ambiciosos.

- Que estes orzamentos non recollen a RPT que se inclúe no seguinte punto da orde do día; polo que se se aproba haberá que facer un novo Pleno para recoller as novidades que introduce a modificación da RPT.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que estes orzamentos son igual que todos os anos, sobre todo desde que temos que cumprir con todos os requisitos a que nos obriga a Lei de Estabilidade Orzamentaria, co límite de gasto, co límite de débeda e con todas esas cousas que falamos todos os anos desde que comenzou a crise; e non é fácil cumprir con todas.

-Que, como vemos, noutros concellos non se cumpren, e a consecuencia é que non poden utilizar o remanente que teñen. Noutros imos cumprindo grazas sempre á prudencia con que se elaboran os orzamentos.

-Que estes orzamentos xa poideron ser aprobados moito antes; e se non se fixo foi un pouco debido aos cambios que se están producindo en xeral en todos os

concellos, que están obrigados a cumprir non só con todos eses requisitos a que nos obriga o Ministerio de Facenda, senón tamén con todo o que implica a implantación da administración electrónica e tamén de cambio a partir do mes de marzo en que entrou en vigor a Lei de Contratos.

E, con estes cambios, os concellos estamos dando un xiro de 360º, polo cal intentamos ser prudentes, como todos os alcaldes cos que falou esta temporada, porque a nova Lei de Contratos vains obrigar a facer moitos cambios; vains obrigar a sacar un motón de pregos de contratacións para servizos, subministrados e obras; o cal é difícil de facer no primeiro ano da posta en funcionamento desta lei.

Se sumamos os cambios que está habendo e as cousas coas que hai que cumprir, o obxectivo ten que ser a prudencia, para que ao final de ano no haxa problemas.

- Que en todos os orzamentos quedan sempre obras fóra, o concelleiro de CxG mencionou algunhas, pero ten que facer unha puntualización en relación coa obra de saneamento na parroquia de Castañeda, e é que esta obra vai incluída no Plan de Obras e Servizos e o POS vai reflectido nos orzamentos.

- Que hai un tema que mencionan todos, a non inclusión no orzamento do incremento de gastos de persoal que vai supoñer a RPT; pero, resulta que a RPT aínda ten que pasar por varias fases ata que quede aprobada definitivamente, decidindo que nos orzamentos haxa partidas que despois poidan ser suplementadas mediante unha modificación de créditos, se a RPT é aprobada definitivamente.

- Que o do “catastrazo” en Arzúa non supón tanto, porque cando se fixo a modificación xa se baixaron os índices, son os índices que se están aplicando nun radio bastante grande dentro da nosa contorna, e quere dicir que salvo Curtis -que temos por debaixo do 0,5%- o resto está como no noso Concello.

Xa estaba ao 0,5% nos bens de natureza urbana e no 0,7% para os bens de natureza rústica, e baixouse en rústica ao 0,5% no seu momento; son os índices que se están aplicando na maioría dos concellos, de ahí pódese baixar ao 0,48%, pero pouco mais.

Neste momento, a requirimento do alcalde, a interventora informou que está reflectida anualmente unha previsión de incremento de recadación porque, desde o ano 2012 en que se aprobou a ponencia de valores e durante dez anos, se aplica un coeficiente de redución da base imponible que vai diminuindo cada ano; este incremento é independente do incremento que se deriva das altas de bens inmoebles como consecuencia da revisión catastral, a cal non está prevista no presente orzamento porque a Deputación Provincial no cuantificou aínda o seu importe.

-Que, cando se mencionan cifras de que na zona rural só se invisten 1.000 euros, quere dicir que é un dato falso, porque a maior parte das obras que se realizan están dirixidas ás parroquias; e de feito no POS case todas as pistas que se van arranxar pertencen á zona rural, o cal repercute nun beneficio bastante importante.

-Que, en canto á violencia de xénero, aínda que non se inclúa unha partida específica no orzamento, todos saben das actividades que se desenvolven nese aspecto durante todo o ano, desde o departamento de cultura e desde o de servizos sociais.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que a intervención do alcalde non aclarou moitas dúbidas, só está de acordo cunha cousa que dixo e é que se dou un xiro de 360º, pero para seguir na mesma dirección.

- Que é un orzamento sen ambición, sen nada que modifique o estado das cousas en Arzúa, un orzamento electoralista como era de esperar, que permite actuacións pequenas, posto que se inclúe unha partida pero non se especifican as obras, salvo no caso de obras moi concretas, como pode ser un parque na parroquia de Santa María ou o acondicionamento dunha finca, que entende que será a finca do Lagoeiro na entrada do Rego da Raña. No demais non hai ningunha partida singular e de certa importancia.

-Que na explicación que se nos da fálase da nova Lei de Contratos, e cre que é poñerse a venda antes da ferida, e considera que vai ser a xustificación xunto co famoso remanente que vai permitir facer moitas actuacións e incluso serán vendidas con que hai unha xestión económica moi eficaz, e por iso temos remanente. Ao fin e ao cabo o equipo de goberno xestiona uns fondos, e o feito de que haxa remanente supón unha falta de capacidade de xestión, que permite que poida ser utilizado de forma mais discrecional durante o ano seguinte.

-Que non lle ve o temor á nova Lei de Contratos, supón que a lei o que intenta é que se realicen todas as contratacións con claridade, que sexan sacadas a licitación, que sexan públicas e que todos teñan os mesmos dereitos.

- Que, con respecto ao “catastrazo”, non vai entrar nese debate técnico, pero aquí fálase de novas incorporacións coa revisión que se fixo o ano pasado, e baixo criterios a propia lei contempla que se poida rebaixar ata un 5% do total, sempre seguindo uns criterios, se se trata de inmobles que non teñen servizos, nin beirarrúas, nin saneamento, nin alumedo público, nin subministro de auga potable. Eses bens que se dan de alta poderían ser rebaixados e aquí non se rebaixou nada; a iso se refire cando falou do “catastrazo”.

* Nesta segunda rolda de intervencións, tanto a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde, como o voceiro do grupo político do PP, Sr. García Rodríguez, manifestaron que non tiñan nada mais que engadir ao que indicaran na súa primeira rolda de intervencións.

*Do Sr. alcalde para expresar:

-Que cualificaronse estes orzamentos de electoralistas e quere dicir que os orzamentos sempre tratan de dar saída ás solicitudes dos veciños, neste sentido si que son electoralistas; se tirásemos a casa pola ventana si que se poderían cualificar de electoralistas; se trata duns orzamentos en que a prudencia é a palabra que os define, entón non cadran ben as dúas cousas.

Cando uns orzamentos se cualifican como electoralistas é porque se intenta ter contentos á maioría dos veciños para obter moitos votos; e cre que os conceptos de electoralistas e prudentes se contradicen.

- Que, sobre o famoso remanente, quere dicir que agora se considera que é malo e que supón unha falta de eficacia na xestión, porén antes era bo e nas campañas electorais sacábase a relucir o remanente como exemplo da boa xestión que se estaba facendo; agora é todo o contrario.

Efectivamente temos remanente, pero tamén temos un problema que é a nova Lei de Contratos, porque agora hai que facer as contratacións en base á licitación electrónica, que vai dar os seus quebradeiros de cabeza.

E para facer obras, con cargo ao remanente, temos un prazo, porque antes hai que facer os proxectos, hai que aprobalos, ten que haber un prazo de exposición pública, e para todo iso temos ata finais de ano.

- Que agora mesmo ningún concello está sacando ningunha licitación, porque a lei obriga a licitar as obras a través da plataforma do Estado, porque a través dela se teñen que facer as licitacións; pero intentaremos gastar o remanente este ano, e preferimos que estea dedicado a obras que os veciños están requirindo, a que vaia destinado a pagar débedas aos bancos. Neste caso a débeda quedou cancelada e iso se debe á Deputación.

- Que, respecto ao "catastro", tamén hai aquí unha contradición, porque nos últimos anos do anterior goberno se pediu unha revisión do Catastro, precisamente para ter mais ingresos; e naquel momento víase a necesidade de facer esa revisión, agora que o fai o Estado parece negativo, cando naquel momento xa se baixaron os índices e está moi pareado á maioría dos concellos que tiveron a revisión.

Tras todo canto quedou exposto; polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación;

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA) e un en contra (de CxG-CCTT) coa abstención dos restantes cinco concelleiros (4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio económico 2018, nos termos en que foi elaborado.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións no Boletín Oficial da Provincia, conforme se dispón no artigo 169 nº 1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -de conformidade con dito artigo- no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente considerárase definitivamente aprobado; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de cómo quedan os capítulos do Estado de Gastos e do Estado de Ingresos do orzamento municipal, a efectos de que poida entrar en vigor; dando cumprimento así ao disposto no artigo 169 nº 5 e 3 do citado Real Decreto Legislativo.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Quinto.- Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 90 n.º 1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 126 n.º 1 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, aprobar o cadro de persoal ao servizo desta entidade local, que comprende os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

Punto 4º) LIMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2018

Polo secretario dáse lectura ao ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 30 de abril de 2018; no seguinte sentido:

“A Presidenta da Comisión explica que:

- A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira esixe a aprobación dun teito de gasto non financeiro que marcará a asignación de recursos dos orzamentos, compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto. Este límite non inclúe os gastos nos capítulos 8 e 9 e para a súa determinación tampouco son tidos en conta estes capítulos do orzamento de ingresos.

- O cálculo deste límite aparece desglosado no informe da intervención municipal que se une ao expediente, fixándose na cantidade de 5.007.269,23 €, que resulta compatible co mencionado principio de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

- Que os datos que serviron de base para efectuar o cálculo do límite de gasto son expresados no expediente do orzamento municipal para o exercicio 2018.

Toma a palabra Sr. García Couso (de CxG) comentando que este procedemento ten carácter regrado e que supón que estará como corresponde, así que a súa postura vai ser a de abstención.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) no mesmo sentido.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) manifestando que tamén se van abster.

Tras o exposto a Presidenta desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose por 4 votos a favor (de AxA) e 4 abstencións (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG) o acordo de informar favorablemente a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que, como se trata dun documento técnico e non ten a preparación para estudialo, ao non ser necesario o seu voto para aprobalo, vaise abster na votación deste asunto.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que tamén se vai abster.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que tamén se absterá.

Cofeicido o informe emitido pola interventora, con data 25 de abril de 2018, no que se conclúe que o orzamento municipal é coherente co límite de teito non

financeiro, ao situarse a estimación da execución por debaixo do límite máximo permitido.

O Sr. Alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos seis concelleiros restantes (4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018, aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira, por un importe de 5.007.269,23 euros.

Punto 5º) APROBACIÓN INICIAL DA RELACION DE POSTOS DE TRABAJO.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 30 de abril de 2018; no seguinte sentido:

“Pola presidenta da Comisión informativa, Sra. Varela Duro, informase que, partindo de que había que levar a cabo a modificación da RPT, como consecuencia da sentenza favorable que obtiveran sete profesores do Conservatorio de música, declarando improcedente o seu despido e condenando ao Concello a súa readmisión, aproveitouse para introducir na RPT a certos traballadores que quedaron excluídos na anterior RPT; e, tamén se aproveitou para que fosen mellorados economicamente os traballadores que na anterior RPT quedaran cunha retribución baixa.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que, como a información que se da é moi inconcreta, salvo no caso dos profesores do Conservatorio que obtiveron a sentenza favorable, vaise abster para estudar mellor este asunto, e pronunciarse na sesión do Pleno.*

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) para expresar que tamén vaise abster agora, porque necesita mais tempo para estudar este asunto.*

**Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que lle parece lóxico que haxa que incluír aos profesores do Conservatorio na RPT, para evitar que llo planteen por unha vía xudicial; e que o grupo político do Partido Popular se pronunciara na sesión do Pleno onde se trate deste asunto.*

Tras todo o exposto, a presidenta da Comisión informativa someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA), coa abstención dos outros catro concelleiros (2 do PP, 1 de CxG-CCTT e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a aprobación da RPT presentada”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que estaría de acordo coa obriga de incluír na RPT aos profesores do Conservatorio de música, que obtiveron as sentenzas favorables nas súas demandas por despido contra o Concello e tamén na inclusión do posto de tesoureiro, para ser desempeñado por un funcionario con habilitación estatal.

- Que, con respecto ao punto 3, fálase dun informático, cando resulta que nos actuais postos de traballo xa hai alguén que aprobou o proceso de selección para desempeñar un posto de traballo con esa función, e non a está realizando; non sabe se por falta de capacidade, que non cre que sexa así, senón por falta de dedicación ou formación para poder desempeñar ese posto; ou é que fan falta dous informáticos.

- Que, no caso da policía local, quérese crear o posto de oficial, cando non se cubren as dúas vacantes existentes para axentes; a ver se vai haber mais xefes que axentes.

- Que, en canto ao punto 8, seguimos co tema da administración electrónica, ao mesmo tempo que se di que é para a promoción interna dun auxiliar administrativo, deberíase especificar mais, porque non vai ser un posto de nova creación senón unha promoción interna.

- Que por outro lado hai uns postos que parecen planteados como un paso de persoal laboral a funcionario, se quedaron fóra da anterior RPT, non ten nada que cuestionar respecto a iso.

- Que tamén hai uns postos de nova creación, como serían: un oficial de 1ª e dous operarios de servizos varios, e pregunta se é necesario; a ver se despois se ve no resultando das obras.

- Que neste apartado de postos de nova creación, no punto 5º fálase dun coordinador de comunicación e turismo, e non sabe se as dúas funcións son complementarias, ou se a comunicación sería en relación con todas as actividades do Concello, porque o turismo é unha actividade moi concreta; polo tanto esas dúas funcións non cadran moi ben.

Porque, no caso da comunicación, Arzúa ten medios de comunicación que están funcionando, como é o caso da Radio municipal, que ten o persoal suficiente.

E no cadro de persoal, que se inclúe cos orzamentos que se acaban de aprobar agora, figura unha persoa dentro do apartado de persoal de confianza, que entende que tamén ten funcións de comunicación. Polo tanto non ve a necesidade dese posto de traballo, mais ala de que se queira crear ese posto para alguén moi concreto; o cal se verá co tempo.

-Que a memoria que aparece para xustificar a aprobación da RPT ten truco, no que respecta á suba de salario, porque se vemos na páxina 7 onde se di "outras consideracións", no punto 1º consta resaltado en negrita que "**absorben calquera mellora retributiva introducida pola normativa estatal para o ano 2018**"; e dicir, que onde aparecen subas inferiores a 1,75%, non son tales as subas, porque xa estaría absorbida e, no caso daquelas persoas que perdan, teñen unha suba mais considerable e, en onde máis se suba, haberá que restar o 1,75%; polo que como dixo as subas teñen truco, sobre todo para aqueles que non acaden ese 1,75%, porque para eles a suba é cero.

-Que unha dúbida última que ten refírese ao posto de director do Conservatorio de música, porque non ve por ningún lado que se amortice o posto existente de director de Conservatorio; non sabe se é un erro seu, pero entende que se terá que amortizar o posto existente de director do Conservatorio.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que hai unhas sentenzas que obrigan a incluír aos profesores do Conservatorio de música na RPT, pero considera que hai traballadores -que levan moitos anos traballando no Concello- que tamén se deben incluír na RPT; pero tamén temos dúbidas de porque os sindicatos están en contra da modificación da RPT, porque chegounos a información de que aos representantes sindicais non lles foi facilitada a documentación da RPT; e quere preguntarlle ao alcalde ¿que hai de certo neste tema?

-Que por outra parte non vai a entrar a valorar os novos postos de traballo que se crean, pero si quere que se lle explique cales van ser as funcións que vai ter o posto que se crea de coordinador de comunicación e turismo.

* Da Sra. Quintela Pedreira (do PP) para preguntar:

-¿Que procedemento se seguiu para contratar á empresa que elaborou a modificación da RPT, e cal foi o seu custo?

-¿Estan perfectamente xustificadas os postos que se crean de informático e do coordinador de comunicación e turismo?, xa que ven habendo unha subvención para a contratación dun técnico de turismo durante os meses de verán, e que agora se vai perder cando este posto estea incluído nos orzamentos do Concello.

-¿Se a RPT supera en algúns puntos os límites legais que marca a Lei de Orzamentos Xerais do Estado, pola suba das retribucións do persoal?, e que posibilidades hai de que iso sexa impugnado pola Delegación do Goberno, o cal suporía que os traballadores teñan que devolver as cantidades percibidas demais; e en consecuencia ¿Se o Concello ten en conta os posibles prexuízos para os traballadores, se isto chega a suceder?

* Do Sr. alcalde para expresar:

-Que quere explicar o contexto no que se elaborou a RPT e que deixou claro aos sindicatos, é que había varias sentenzas que obrigaban a incorporar aos profesores do Conservatorio de música á RPT e entón o director do Conservatorio non podía quedar fora.

Tamén houbo a situación daqueles traballadores que na anterior RPT quedaron fora, e que estaban nunha situación parecida á dos profesores de música porque, aínda que non teñan unha sentenza que recoñeza a súa situación, se recurrían ao xulgado probablemente gañarían; e por tanto incorporouse a estes traballadores á RPT.

- Que ao mesmo tempo tamén se dou un prazo de dous meses para que (fóra deses dous grupos citados) os traballadores que quixeran facer algún tipo de revisión, con respecto a seu posto de traballo, o solicitasen.

- Que movíase nun contexto no que non se podían facer subas lineais, como é agora a do Estado nas modificacións da RPT, nin superar o incremento permitido da masa salarial.

- Que ao mesmo tempo ven nese sentido o das poucas prazas novas que se crean, porque son prazas necesarias, pola situación actual do Concello.

-Que, en canto ao posto de informático que se crea, descoñece se hai algún traballador aquí ao que se lle esixisen coñecementos de informática para acceder ao posto de traballo.

- Que agora mesmo hai unha empresa que está contratada desde hai tempo, que nos axuda cando temos algún problema nos equipos, pero non nos axuda cando temos problemas con todas as plataformas que se están poñendo; e cremos que é necesario porque os Concellos temos problemas coas plataformas que se instalan, porque sufren cambios e non hai niguén do que se poida votar unha man.

-Que o Concello de Arzúa incrementou o número de visitas turísticas, non só no verano senón tamén ao longo do ano; non é só o que fan os técnicos de turismo que traballan no Concello a través dunha subvención, posto que o que se pensou é que ao coordinador de turismo e comunicación se lle incluíra funcións de comunicación, xa que o turismo é comunicar a fora o que se fai como estratexia turística no Concello.

Está claro que hai que facer un traballo, que por falta dunha persoa dese perfil non se está facendo, e entón o traballo que a veces hai que facer con respecto a ese tema tenllo que encargarse ao técnico de cultura, e non entra dentro das súas funcións; son cousas que lle pide puntualmente que faga, pero non hai alguén a quen lle poida dicir que desenvolva un plan de turismo para noso Concello; e nese sentido non debería chamar a atención o que se cre esa praza.

-Que en canto a que non lle chegara a documentación da RPT aos sindicatos, quere dicir que é moi difícil chegar a acordos, os sindicatos pedían igualar os soldos dos traballadores dun determinado grupo, pero el opuxose porque considera que a carga de traballo non é para todos igual; xa na anterior RPT había esas diferencias; e ao final tratouse de ser o máis xusto posible.

- Que só houbo un criterio para elixir a empresa que elaborou a modificación da RPT, e é que se trata da mesma empresa que realizou a RPT anterior, e como non se trataba de elaborar unha RPT nova senón de modificar a que había, considerouse que o mellor era votar man da que xa fixera a RPT anterior, porque xa a coñecía e ía a dar menos traballo que se se contratase a outra que tivera que estudar a anterior RPT.

- Que o incremento do 1,75% quedálle asumido aos traballadores que teñen un incremento superior a esa porcentaxe; pero, os traballadores que non chegan a iso, terán dereito a cobrar a suba do 1,75%; e, os traballadores aos que non se lles fixo suba, é porque xa tiñan un soldo alto dentro do seu grupo na anterior RPT, entón a eses traballadores se lle aplicará no seu momento a suba do 1,75% do Estado.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que se mantén na súa posición, e quixera saber cal é a postura do secretario, porque no seu informe fai referencia a uns informes doutros servizos xurídicos, pero no ve cal é a conclusión do informe do secretario, se é favorable o non á modificación da RPT.

* Intervén o secretario para informar:

- Que a cuestión principal da modificación dunha RPT é o tema económico; e el cando fixo o seu informe, nese tema concreto, remitiuse aos informes que foron solicitados a tres servizos xurídicos: o de El Consultor de los Ayuntamientos, o de Espúblico e o de Dereito Local; facendo constar no seu informe que "a resposta que dean eses servizos xurídicos será a que subscribe este secretario".

-Que se o Sr. García Couso leu os tres informes emitidos por eses servizos xurídicos, puido sacar as súas conclusións, porque figuran claramente neles. A conclusión que se saca do informe emitido por Espublico pode ser favorable á modificación da RPT; mentres que as conclusións a que se chega nos informes emitidos por El Consultor de los Ayuntamientos e por Derecho Local serían desfavorables.

* Da Sra. Quintela Pedreira (do PP) para manifestar que, das preguntas que fixo, aínda hai unha sen contestar.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que, en canto á pregunta de por qué quedaron fóra da RPT algúns postos de traballo, quere dicir que se algunha decisión puido levar el a cabo é a de que postos se consideran estruturais para o Concello e cales non; e ningún dos traballadores que desempeñan os postos de traballo que quedaron fóra da RPT solicitou entrar na mesma; neste sentido non hai problema con ningún traballador.

- Que en canto ás posibles dúbidas que poida haber, en caso de que se aprobe a modificación da RPT, que era a dúbida que tiña o secretario e todos, debido ao disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, que prohibe as subas lineais, que é o que esta facendo agora o Estado ao aplicar o incremento do 1,75% para todos os traballadores, eso está prohibido na Lei de Orzamentos.

-Que nos, coas persoas que elaboraron a RPT, consideramos que non hai subas lineais no caso de traballadores que temos que incorporar, como é o caso dos profesores do Conservatorio de música ou no caso dos traballadores que quedaron fóra da RPT anterior; e os postos de nova creación non son subas lineais, posto que son traballadores que se incorporan por primeira vez a unha RPT, e hai que poñerlles un soldo.

-Que, no caso dos postos de traballo que superan o incremento do 1,75% establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, responden a adecuacións derivadas do contido do posto de traballo e das novas valoracións do posto de traballo, o que supón que haxa que valoralos correctamente, polo que non se trata dunha suba lineal.

Tras todo o exposto, polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación;

Adoptándose -por oito votos a favor (7 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE) e un en contra (de CxG-CCTT), coa abstención dos catro concelleiros do PP- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da actual RPT que quedara aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, na sesión de 28 de febreiro de 2011, sendo publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 48 de data 11 de marzo de 2011.

E iso, nos termos en que foi redactada pola empresa contratada para prestar o servizo consistente na realización desa modificación.

Segundo.- Dispoñer a apertura dun trámite de información pública, por un prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da

Casa do Concello, a efectos de que poidan presentarse reclamacións, alegacións e suxerencias, contra a modificación da RPT agora aprobada.

Terceiro.- Concretar que, para o suposto de que se presenten reclamacións, alegacións ou suxerencias, deberán ser resoltas polo Pleno do Concello, adoptando en consecuencia con esa resolución o acordo de aprobación definitiva da modificación da RPT; mentres que, se non se presentan reclamacións, alegacións ou suxerencias, o acordo de aprobación inicial quedaría elevado a definitivo.

Cuarto.- Remitir unha copia da modificación da RPT aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral desta Comunidade Autónoma, dentro do prazo de trinta días hábiles desde a data da súa aprobación definitiva; sendo publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Aprobar as seguintes situacións como consecuencia da aprobación inicial da modificación da RPT, nos termos en que foi realizada a súa modificación:

I) En canto ao persoal funcionario:

a) Se crean os seguintes postos de traballo:

• 1 de tesoureiro (reservado a habilitados de carácter nacional da subescala de intervención-tesourería).

- 1 de informático.
- 1 de auxiliar administrativo (Secretaría).
- 1 de auxiliar administrativo (intervención).
- 1 de oficial da policía local.

b) Se redefinen os seguintes postos de traballo:

- O de técnico de xestión (na área económica).
- O de técnico de Administración xeral (na área de secretaría).

c) Se amortiza un posto de traballo: O de arquitecto superior.

II) En canto ao persoal laboral:

a) Se crean os seguintes postos de traballo:

- 1 de oficial de 1ª.
- 2 de operarios de servizos varios.
- 1 de coordinador de comunicación e turismo.

b) Se redefinen os seguintes postos de traballo:

- 1 de auxiliar administrativo (servizos sociais).
- 1 de auxiliar administrativo (arquivo).
- 1 de axente de emprego local.
- 2 detraballadores sociais.
- 1 de director do Conservatorio de música.
- 8 de profesores de música do Conservatorio e da Escola municipal.

c) Amortizar os seguintes postos de traballo:

- 1 de limpadora.
- 1 de auxiliar administrativa (Intervención).

Punto 6º) MOCIÓN PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 25 DE ABRIL DE 2018 (REXISTRADA AO NÚMERO 1039) POLA CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE, SRA. BALADO CONDE, REFERIDA Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con dito asunto, emitiu a Comisión informativa para asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 30 de abril de 2018; no seguinte sentido:

“Tras conceder a presidenta desta Comisión informativa o uso da palabra á Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), que presentara esta moción, por dita concelleira espuxose:

- Que se trata da baixa consignación económica, que ten a partida que o Goberno inclúe nos orzamentos xerais do Estado en canto a violencia de xénero.*
- Que non se levou a cabo o Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, para contribuír á erradicación da violencia de xénero.*
- Que para iso se propón ao Pleno deste Concello a adopción dos dous acordos que contén a moción presentada.*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que está a favor de dita moción, e que considera que o tema da violencia de xénero é un problema gravísimo, e que é o Goberno quen ten que ter a sensibilidade de incrementar a partida que se destine a erradicar a violencia de xénero, pero tamén considera que este tema tería que relacionarse coa partida destinada a educación.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que está a favor de todo o que sexa apoio á muller no tema da violencia de xénero.*

** Da Sra. Varela Duro (de AxA) para expresar que o grupo político de Alternativa por Arzúa, está a favor de apoiar esta moción, pero no ámbito tamén de outras vías, como é a vía da educación.*

Tras todo o exposto, a presidenta desta Comisión informativa someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por dous votos a favor (1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT), coa abstención dos seis concelleiros restantes (4 de AxA e 2 do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a adopción dos dous acordos que contén dita moción.”

Acto seguido, previa concesión do uso da palabra, a concelleira do PSdeG-PSOE que presentara esta moción, Sra. Balado Conde, procedeu a dar lectura de dita moción; cuxo contido é o seguinte:

“A loita contra violencia que se exerce cara ás mulleres ha de ser unha prioridade para toda a sociedade e tamén unha obrigaición que corresponde aos partidos políticos e en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

O Pacto de Estado en materia e Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados, vincula directamente aos partidos políticos, poderes do Estado, Administracións Autonómicas e Locais, no compromiso adoptado para contribuír á erradicación da violencia de xénero.

O Pacto de Estado, é un instrumento complementario da nosa actual lexislación, que establece os marcos de coordinación institucional precisos para o desenvolvemento das diferentes medidas acordadas. Un total de 213 propostas de actuación que abordan o problema de maneira integral e que no seu conxunto melloran a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e a das súas fillas e fillos.

Pero non se poderá avanzar na erradicación da violencia machista e na atención específica ás mulleres, se non se establecen estes mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, e tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas Administracións (Comunidades Autónomas e Concellos), dos recursos económicos adecuados.

Hai que resaltar con respecto ás atribucións e competencias das Administracións Autonómicas, o recolleito no Pacto: "O disposto no presente Pacto deberá ser interpretado sen prexuízo do pleno exercicio polas Comunidades autónomas das competencias que teñen atribuídas en virtude dos respectivos Estatutos de Autonomía, non podendo, en consecuencia, vincular ás Comunidades Autónomas ou outras Administracións Públicas, as recomendacións contidas no presente Informe cando afecten aos seus respectivos ámbitos competenciales".

Este aspecto é fundamental, ao recoñecer o esforzo e o compromiso económico das Administracións Autonómicas e Locais no marco das súas competencias específicas, dedicado á loita contra a violencia de xénero.

Por iso, e en función das medidas establecidas no Pacto, débese dotar ás devanditas Administracións das partidas económicas específicas correspondentes fixadas no Pacto, e comprometidas polo propio Goberno.

En base a estes acordos, hai que lembrar tamén que todos os Grupos Parlamentarios apoiaron e votaron a favor a Proposición Non de Lei presentada polo Grupo Socialista en outubro de 2017, relativa á solicitude ao Goberno de España á aprobación por Decreto Lei, en caso de prórroga orzamentaria, do incremento de polo menos de 200 millóns, para dar cumprimento aos acordos orzamentarios do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Acordo que o Goberno de España incumpriu, a pesar de ser votado a favor polo Partido Popular.

Á súa vez, hai que destacar e denunciar que na proposta de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, incumprese de novo o compromiso orzamentario comprometido no Pacto.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista no Concello de Arzúa, solicitamos aos demais grupos municipais, o apoio aos seguintes acordos:

1.- Instar o Goberno de España a que nos orzamentos xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás Comunidades Autónomas e aos Concellos, destínense, vía transferencias, un incremento anual de 20 millóns de euros aos Concellos e 100 millóns de euros destinados ás Comunidades Autónomas.

Tal como figura no acordo do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero que di textualmente: "Os Orzamentos Xerais do Estado, destinarán, vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os vindeiros cinco exercicios".

2.- Dar traslado deste acordo plenario ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ao conxunto dos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados."

Engade a Sra. Balado Conde:

- Que se reclama o aumento de consignación na partida destinada a violencia de xénero nos orzamentos xerais do Estado, porque é tristísimo que -segundo estamos vendo- ultimamente hai mais mulleres maltratadas.

- Que como ben dicía a concelleira de AxA, Sra. Varela Duro, e o concelleiro de CxG-CCTT, Sr. García Couso, habería que incluír mais partidas nos orzamentos, no tema de educación, para que os nenos leven desde o principio unha educación en contra da violencia de xénero; e sería importante que neste concello, aparte das actividades, houbera unha partida específica para a violencia de xénero.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para facer a seguinte reflexión: Como vai cambiar a mentalidade se vivimos nun Estado no que a monarquía fai prevalencia do home sobre a muller, onde herda o home por encima da muller; e onde a organización mais grande do mundo occidental, que é a igrexa católica, ten á muller sen poder acceder aos mesmos dereitos que os homes; pero esa é a educación que recibimos.

Por fortuna cada vez se sabe mais, e iso é un freno a eses comportamentos e un motivo de que se actúe en contra deles; o problema é moi fondo e a súa corrección non é moi optimisa, porque esa é a cultura que se nos dá, xa que non se cuestionan cousas que veñen de atrás, e é o que queda no subconsciente e o que xera determinados comportamentos. Os que tivemos a fortuna de criarnos en familias onde había unha tolerancia grande, seguramente o poidamos ver mellor.

As grandes institucións do Estado aínda son masculinas ou machistas pola propia lei.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que esta de acordo co expresado pola Sra. Balado Conde e polo Sr. García Couso, estamos nunha

sociedade supermachista, o cal ven de atrás; que non é capaz de modernizarse e buscar unha igualdade entre seres humanos independentemente do sexo.

* Da Sra. Varela Duro (de AxA) para expresar:

- Que este é un tema complexo, pero non hai que perder a esperanza de seguir loitando, pola sensibilización do tema, pola interiorización na sociedade de que cando unha muller di non é non, igual de que cando di si e si; para partir destes pequenos exemplos e ir eliminando esas barreiras e as diferencias de trato que existen entre os homes e as mulleres.

- Que esas diferencias existen efectivamente nas propias empresas, moitas veces, e tamén temos que pensar que os poderes relixiosos, etc.. moito que ver nestas políticas de desigualdade e discriminación da muller, non cabe dúbida porque é así.

- Que nese patriarcado que se arrastra e está ahí, que está creando un clima de potenciar o valor dos homes, hai continuamente unha agresión á muller.

- Que existe unha falta de equidade nas propias empresas e traballos, porque a agresión é sexual, pero tamén é económica, etc...

- Que establecer políticas de igualdade e de equidade, si; que eso pasa por diñeiro, si; pero tamén pasa por cambiar as cabezas desde a base, desde a familia, desde o comportamento que ten o pai, os irmáns, na propia familia; incluídas as mulleres que consintan políticas de desigualdade e discriminación nas propias casas.

- Que hai que cambiar as cabezas, no só con diñeiro senón con aptitudes, con comportamentos, con valores, e redundando na importancia da muller nun fin en si mesma, non como unha cousa ou un instrumento, que é o que se suele facer, utilizar á muller como un mero obxecto que se quita e se pon, un obxecto decorativo, un obxecto tamén cando se lle pide aínda que vaía a buscar traballo de determinada maneira cunha vestimenta concreta.

- Que mentres sigamos consentindo que un xefe nos diga que temos que comportarnos de determinada maneira, todo isto non se vai eliminar. O diñeiro é importante, si, pero a loita diaria de cada un de nós, tamén. Invita a que, sobre todo as mulleres, intenten eliminar este tipo de diferencias, empezando polas traballadoras domésticas.

- Que, por outra parte, tamén hai que facer certas críticas fronte ao sistema educativo; elimináronse as asignaturas relacionadas coas humanidades, as ciencias sociais, a filosofía, aínda que agora volvese un pouco a recuperar ese tema.

-Que cre que hai que traballar e deixarse de mentes tan ríxidas e rigurosas, como poden ser as ciencias como tal, incentivar a educación en humanidades e en valores; hai que seguir optimizando políticas, porque está claro que as sentencias como as que estamos vendo non fan nada; haberá que buscar como se pode facer con esta xente que comete eses delitos de violencia de xénero; e considera que hai que empezar a traballar na base, na familia, na escola, no deporte, etc...

- Que lle gustaría ser optimista, pero hai que seguir loitando.

Tras todo o exposto, polo Sr. Alcalde someteuse a votación ordinaria as dúas porpoas de acordo que contén a moción que foi agora debatida;

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que interan esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar o Goberno de España a que nos orzamentos xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás Comunidades

Autónomas e aos Concellos, destínanse, vía transferencias, un incremento anual de 20 millóns de euros aos Concellos e 100 millóns de euros destinados ás Comunidades Autónomas.

Tal como figura no acordo do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero que di textualmente: "Os Orzamentos Xerais do Estado, destinarán, vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os vindeiros cinco exercicios".

Segundo.- Dar traslado deste acordo plenario ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ao conxunto dos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DITADOS POLO ALCALDE NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2017.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de xuño de 2017 -en que foi ditada a resolución mais inmediata a última do día 31 de maio de 2017 (da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 1 de marzo de 2018)- ata a ditada o día 28 de setembro de 2017.

Estando referidas:

* A primeira resolución (*reflectida no folio 9.459 vuelto e 9.460*) á autorización para emitir unha cuña publicitaria na Emisora municipal de radio, durante un mes, dúas veces ao día en diferentes horarios de emisión; aprobando para iso a liquidación do prezo público, calculada en base á contía das tarifas previstas na Ordenanza municipal reguladora do prezo público.

* Mentres que a última resolución (*reflectida nos folios 9.716 e volto, e 9.717*), refírese á aprobación da nómina ordinaria do mes de setembro de 2017, totalizando as seguintes cantidades: total devengos 100.578,49 euros e total líquido 81.535,14 euros, dispoñendo que pola tesourería municipal, previa a fiscalización da Intervención, se proceda ao pago do gasto total de ditas nóminas.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestaición do dereito de información dos concelleiros, e
- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2017.

Por vir así establecido no artigo 193 nº 4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procede dar conta agora do expediente completo de dita liquidación, por ser esta a primeira sesión, seguinte á data do Decreto ditado polo alcalde o día 14 de marzo de 2018, sobre aprobación da referida liquidación.

Sendo o contido de dito Decreto o seguinte:

“Pola Intervención Municipal foi confeccionada a liquidación do orzamento do exercicio 2017 conforme ao establecido no artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emitíndose informe sobre o expediente con data 13 de marzo de 2018.

Considerando os antecedentes indicados,

Esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento xeral de 2017, integrada polos seguintes estados cos seguintes resultados:

- Liquidación do orzamento de gastos
- Liquidación do orzamento de ingresos
- Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro
- Remanentes de crédito
- Resultado orzamentario
- Remanente de Tesourería

E cos seguintes resultados:

EXECUCIÓN ORZAMENTO GASTOS E INGRESOS:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTO	
créditos orzamentarios iniciais	5.624.620
modificacións orzamentarias (+/-)	1.035.598,21
créditos orzamentarios definitivos	6.660.218,1
obrigas recoñecidas netas	5.715.381,58
obrigas pendentes de pago	64.056,69
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	5.624.620
modificacións orzamentarias (+/-)	1.035.598,21
Previsións definitivas	6.660.218,21
Dereitos recoñecidos netos	6.063.978,38
Dereitos pendentes de cobro	158.486,95

DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/2017	158.486,95 €
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2017	64.056,89 €

RESULTADO ORZAMENTARIO:

CONCEPTOS	D. REC. NETOS	O. REC. NETAS	AXUSTES	RESULT. ORZ.
operacións correntes	5010508,19	4120922,42		
outras operacións non financeiras	730872,33	1208826,22		
Total operacións non financeiras	5741380,52	5329748,64		
Activos financeiros	1123,21	3653,68		
Pasivos financeiros	321474,65	381979,26		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	6063978,38	5715381,58		348596,80
AXUSTES				
créditos gastados financiados con RLT			93326,03	
Desviacións de financiación negativas			154011,34	
Desviacións de financiación positivas			158176,01	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				437758,16

REMANENTE DE TESOURERÍA:

DEREITOS PENDENTES DE COBRO		243.709,34
+De orzamento corrente de ingresos	158.486,95	
+De orzamento pechado de ingresos	82.627,57	
+De recursos doutros entes públicos		
+Doutras operacións non orzamentarias	2.594,82	
FONDOS LÍQUIDOS		390.169,80
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		
+De orzamento corrente de gastos	64.056,89	
+De orzamento pechado de gastos	108.108,09	
+Doutras operacións non orzamentarias	5289,17	
-Pagos pendentes de aplicación	22.244,13	
=REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	478.669,12	
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		51.464,42
EXCESOS DE FINANCIACION AFECTADA		47.833,28
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		379.371,42

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193 nº 4 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e 90 nº 2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

TERCEIRO.- Remitir unha copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 193 nº 5 do TRLRFL.”

Cofeido o contido do anterior decreto.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2017, así como do decreto do alcalde polo cal se aprobou dita liquidación, previo o informe de intervención; por canto que, da liquidación agora presentada, xa foi remitida unha copia aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 193 nº 5 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLRFL).

Punto 3º) DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2019-2021

Dáse conta do decreto do alcalde, ditado con data 14 de marzo de 2018, polo cal se aprobou o plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos do Concello de Arzúa para os exercicios 2019, 2020 e 2021.

Sendo o contido de dito decreto o seguinte:

“A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os plans orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 desta orde dispón a obriga da remisión do Plan Orzamentario a Medio Prazo por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica, a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Función Pública habilite ao efecto.

Tendo en conta o informe emitido pola intervención municipal de data 12/03/2018

Esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- *Aprobar o plan orzamentario a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos do Concello de Arzúa para os exercicios 2019, 2020 e 2021:*

DETALLE DE INGRESOS CORRENTES (€):

INGRESOS CORRENTES	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
Capítulo 1 e 2: Impostos directos e indirectos	1.638.545,40	1.671.402,76	1.704.260,12	1.737.117,48
Imposto sobre Bens Inmóbles	1.113.293,39	1146150,75	1.179.008,11	1.211.865,47

Imposto sobre Actividades Económicas	78.097,63	78.097,63	78.097,63	78.097,63
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	311.492,10	311.492,10	311.492,10	311.492,10
Imposto sobre Incremento del Valor de los Terres de Natureza Urbana	50.662,28	50.662,28	50.662,28	50.662,28
Imposto sobre Construccions, Instalacions e Obras	85.000	85.000	85.000	85.000
Cesión de impuestos do Estado				
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos				
Capítulo 3: Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	1.095.693,92	1.095.693,92	1.095.693,92	1.095.693,92
Participación en tributos do Estado	1.162.834,64	1.162.834,64	1.162.834,64	1.162.834,64
Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)	1.149.924,54	1.149.924,54	1.149.924,54	1.149.924,54
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	2.425,50	2.425,50	2.425,50	2.425,50
Total de Ingresos correntes	5.049.424,00	5.082.281,36	5.115.138,72	5.147.996,08

DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL (€):

INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
Capítulo 6. Enaxenación de investimentos	3.188,70	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	426.944,82	426.944,82	426.944,82	426.944,82
Total de Ingresos de Capital	430.133,52	426.944,82	426.944,82	426.944,82

DETALLE DOS INGRESOS FINANCEIROS (€):

INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	6.000	6.000	6.000	6.000
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	334.675,28	0,00	0,00	0,00
Total Ingresos Financeiros	340.675,28	6.000	6.000	6.000

DETALLE DE GASTOS CORRENTES (€):

GASTOS CORRENTES	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
Capítulo 1: Gastos de persoal	1.784.345,04	1.824.492,80	1.860.982,66	1.898.202,34
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	2.524.396,75	2.549.640,71	2.575.137,12	2.600.888,49
Capítulo 3: Gastos financeiros	3.703	1.300	1.300	1300
Capítulo 4: Transferencias correntes	238.822,21	238.822,21	238.822,21	238.822,21
Total de Gastos Correntes	4.551.267	4.614.255,72	4.676.241,99	4.739.213,04

DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL (€):

GASTOS DE CAPITAL	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
Capítulo 6. Invetimentos reais	731.095,34	731.095,34	731.095,34	731.095,34
Capítulo 7. Transferencias de capital	0	0	0	0
Total de Gastos Capital	735.095,34	731.095,34	731.095,34	731.095,34

DETALLE DE GASTOS FINANCEIROS (€):

GASTOS FINANCEIROS	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
C. 8. Activos financeiros				
Achegas patrimoniais				
Outros gastos en activos financeiros	6.000	6.000	6.000	6.000
C.9. Pasivos financeiros	386.562,32	101.466,52	101.466,52	101.466,52
Total de Gastos Financeiros	387.977,22	101.466,52	101.466,52	10.1466,52

	2018	2019	2020	2021
SALDO OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	197.195,18	163.875,12	846.824,90	745.358,38
AXUSTES SEC 2010				
CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIACIÓN	197.195,18	163.875,12	846.824,90	745.358,38
Débeda viva a 31/12				
A corto prazo				
A longo prazo	1.014.665,21	948.291,42	846.824,90	745.358,38
% débeda sobre recursos correntes	0,20	0,19	0,17	0,14

SEGUNDO.- Dar conta aos servizos económicos, para que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste decreto ao Ministerio de Facenda e Funcion Pública dando cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.”

Coñecido o contido do anterior plan orzamentario.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados, por canto que o citado decreto do alcalde, de data 14 de marzo de 2018, xa foi remitido ao Ministerio de Hacienda y Funcion Pública, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro.

Punto 4º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (REFERIDO AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2018), ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo alcalde indícase que ese informe refírese ao **primeiro trimestre** do presente exercicio económico, que foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, con data 27 de abril de 2018, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e tesoureiro emitiron un informe con data 27 de abril de 2018, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 30 de marzo de 2018, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2018:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	643	9
Importe total	295.845,46 euros	8.011,20 euros
Período medio de pago	34,41 días	

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal	Fóra do período legal de
--	-------------------------	--------------------------

	de pago	pago
Número de pagos	686	32
Importe total	391.472,72 euros	13.596,50 euros
Período medio de pendiente de pago	36,39 días	

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

I) Polo concelleiro de CxG-CCTT, Sr. García Couso, formulouse un **ROGO** ao Sr. alcalde para que, cando haxa un cambio na data de celebración das sesións do Pleno, aínda que sexa xustificando, se avise cun pouco máis de tempo; porque aos concelleiros que traballamos, e temos horarios que non son moi aptos para asistir a estas sesións, as veces causanos algún trastorno.

II) Tamén polo mesmo concelleiro Sr. García Couso formularonse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

* **PRIMEIRA.**- ¿ Se o grupo de goberno ten coñecemento do estado do Centro Médico, xa que non sabe a quen lle corresponde o seu acondicionamento?

* **SEGUNDA.**- En relación coa fonte do parque infantil, que ten unha presión excesiva para os nenos e a falta de coidado do contorno donde xogan os nenos coa area; o cal supón que, cando hai un uso mais intenso do parque como nestes días, se atasque o sumidoiro e rebose a auga, co que faise case imposible o uso da fonte polos nenos, sobre todo os mais pequenos, cousa que é necesaria cando fai calor e xogan.

Polo que considera que se podía cambiar esa fonte, e poñer outra con menos presión e menos cantidade de auga, para que os nenos poidan beber, así como coidar o sumidoiro para evitar que haxa acumulacións de auga no contorno da fonte.

***TERCEIRA.-** ¿Se existe algún trámite sobre a modificación ou revisión do Plan Xeral, tendo en conta as cousas que quedaron pendentes, como a catalogación do núcleo de Santa María, ou algo xa repetido como a Calexa, neste caso porque foron convocados os veciños a unha reunión, pero non coñece se hai algunha decisión ou tramitación; e tamén en canto á adaptación á lei forestal de 2012, que supón prexuízos para moitos propietarios?

Tamén pregunta ¿Se os grupos da oposición serán convocados no caso de que haxa algunha tramitación?

III) Pola concelleira do PSdeG- PSOE, Sra. Balado Conde, formularonse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

*** PRIMEIRA.-** ¿Se se recibiu algún tipo de información desde o Consorcio, en relación coa Gardería municipal?

*** SEGUNDA.-** ¿ En que situación se atopa a ocupación do parque empresarial de Arzúa, e que medidas se estan tomando desde o Concello para a implantación de novas empresas?

*** TERCEIRA.-** ¿Por que desde hai mais dun ano non están colgados na páxina web do Concello as ordes do día dos Plenos municipais?

IV) Pola concelleira do Partido Popular, Sra. Quintela Pedreira, formulouse a seguinte **PREGUNTA** ao Sr. alcalde: ¿Se o Concello ten pensado implantar, ou implantou neste ano, algún plan de protección contra a abella velutina, ou se se adoptou algún tipo de medida de trampeo para evitar a súa propagación; porque en Arzúa xa se viron niños, que supón que xa foron extraídos, e non sabe se é posible que se expandan mais por este concello, porque os concellos da contorna teñen un verdadeiro problema con este tema; e quería saber se xa hai algún tipo de medidas ou se se van adoptar de aquí a medio prazo?

V) Tamén pola concelleira do Partido Popular, Sra. Quintela Pedreira, formulouse o seguinte **ROGO** ao Sr. alcalde, para que as sesións das Comisións e do Pleno se fixeran en tempo e forma segundo o acordo que se adoptou para iso, de maneira que as sesións ordinarias dos Plenos se celebren nos meses pares; porque todos temos que organizarnos.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 22:30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.